

Algumas claves para ler *A Eva futura*,
unha novela de Auguste Villiers de L'Isle-Adam



Hugin e Munin

O AUTOR



Auguste Villiers de L'Isle-Adam

Jean-Marie-Mathias-Philippe-Auguste Villiers de L'Isle-Adam, ou simplement Conde de Villiers de L'Isle-Adam, naceu o 7 de novembro de 1838 en Sant-Brieg, na Bretaña. Mathias, pois así era como lle chamaba a familia, foi o único fillo de Joseph-Toussaint-Charles de Villiers de L'Isle-Adam (1802-1885) –conde, barón e duque, aínda que prefería ser denominado Marqués Villiers de

L'Isle-Adam—, descendente bretón dunha familia aristocrática en decadencia cuxas orixes se remontan a grandes persoeiros da historia de Francia¹.

Os pais

O pai do futuro escritor embárcase dende moi novo, e coa intención de enriquecerse o máis rápido posible, nun insólito labor: o de cazador de tesouros polas terras bretoas co suposto propósito de recuperar as riquezas soterradas alí polos seus devanceiros, obrigados a se exiliar a Gran Bretaña por turbulencias políticas do pasado. Estas actividades non resultaron en absoluto lucrativas, pois os gastos eran sempre considerablemente maiores ca os ingresos: as terras nas que supuña que estaban enterrados os tesouros, antigos castelos e casas feudais, precisaban para as escavacións ser compradas, e se ben os privilexios da súa clase aristocrática facilitaban nalgúns casos as autorizacións, en moitos outros non lle quedaba máis remedio que mercar as propiedades.

No decurso das súas pescudas, o marqués coñeceu a señora Marie-Félix Daniel de Kerinou (1784-1871), con cuxa sobriña, Marie-Françoise Le Nepvou de Carfort (1811-1882), acabou casando en 1837. En novembro do ano seguinte, a marquesa dá a luz a Jean-Marie-Mathias-Philippe-Auguste. Xa cun descendente, o marqués procura investir máis nos seus negocios, que se converten nun buraco sen fondo por onde escapa a fortuna da señora de Kerinou. De feito, en 1843 a marquesa, decepcionada co home, trata de acadar o divorcio, pero só consegue a separación de bens do matrimonio. Malia tal sentenza, o marqués desbaldirá a fortuna da muller, chegará a sufrir

¹Entre elas, Jean de Villiers de L'Isle-Adam (1384-1437), Mariscal de Francia en 1437, e Philippe-Auguste de Villiers (1464-1534), último gran mestre de Rhodes e fundador da Orde de Malta.

prisión, morrerá na miseria e deixará débedas en herdanza para o fillo.

A infancia e a primeira mocidade de Villiers

Mathias foi un neno consentido tanto pola súa nai coma pola súa tía avoa. Debido á súa precocidade intelectual cara á literatura e á música, recibiu grandes estímulo da súa familia e mesmo foi considerado un xenio dende ben cedo polo pai.

Realizou os primeiros estudos na escola de Vannes, en Sant-Brieg, pero xa no segundo curso foi reprendido e expulsado polo seu comportamento escandaloso e as súas procaces lecturas.

Trasládase entón á escola Saint-Charles, tamén na súa vila natal, onde pasa o tempo a escribir unha interminable historia intitulada *Les chants du bossu*, até que o profesor lle quitou o manuscrito.

De novo expulsado, matriculouse no liceo de Laval, onde trabala amizade cun mozo máis vello ca el, un dos seus primeiros amigos, Amédée Le Menant, pois sentía un desprezo total polos compañeiros da súa idade.

Con posterioridade estuda no liceo de Rennes, onde se traslada a familia e onde remata os estudos, malia non existir constancia dos seus cambios de centro nestes anos².

En 1855 torna a Sant-Brieg e comeza a dedicarse á escrita dunha maneira case convulsiva, o que asenta entre os seus parentes un aire de ser extravagante que confirma o seu aspecto desleixado. A partir de entón os seus estudos e lecturas son absolutamente caóticas e comeza a compondor poesías románticas e a concibir proxectos de diversas obras narrativas.

²Para completar os aspectos referidos á educación de Villiers, pode consultarse o artigo de Emile Drougard (1958).

Primeiras publicacións, o traslado a París e o regreso a Sant-Brieg

A súa primeira publicación data de xullo de 1858, *Deux essais de poésie*, dous poemas editados con cartos do seu peto. Ao ano seguinte ve a luz o volume *Premières poésies*, de inspiración romántica. Ambas as dúas obras pasan totalmente desapercibidas, malia os esforzos de Villiers e as súas esperanzas nun éxito inmediato.

Por volta de 1857, a familia acorda que Mathias precisa un ambiente máis intelectual e múdase a París. Alí, sempre cos petos cheos de manuscritos, frecuenta o seu curmán, o conde Hyacinthe du Pontavice de Heussey, que se converterá durante un tempo no seu mentor e en cuxo salón conversará con intelectuais da época, entre eles, Charles Baudelaire –a través de quen coñecerá a Richard Wagner e a obra de Edgar Allan Poe–, Leconte de Lisle, Catulle Mendès, Jean Marras, Stéphane Mallarmé, Gustave Flaubert, Théophile Gautier ou Barbey D’Aureville. Grazas a este salón estará en contacto coas ideas avanzadas que se discutían neses faladoiros, como o idealismo alemán, que marcará a Villiers toda a vida.

Secasí, a súa entrada no mundo das letras parisiense é case natural: é aceptado polos intelectuais máis vellos e polos novos, que adoitaban reunirse na Brasserie des Martyrs e no local da *Revue Fantaisiste*, dirixida por Catulle Mendès, na que Villiers comeza a colaborar. O seu ego está satisfeito. En 1866 participa tamén na primeira serie do *Parnasse Contemporain*, revista que reúne os máis tarde coñecidos como “parnasianos”. Amais, Villiers contábase entre o reducido número de amigos que Baudelaire admitía na súa casa.

Estes primeiros anos de mocidade en París constitúen momentos felices da súa vida, pois a orixinalidade da súa

actitude, a riqueza da súa imaxinación e o seu verbo ardente espertaban fonda admiración. Mais foi unha etapa sometida a intervalos. En 1860 a familia Villiers regresa a Sant-Brieg por motivos económicos: os gastos do marqués seguían medrando e a tía avoa decide volver. A partir de ese ano e até 1862, Villiers alternará Sant-Brieg e París. Neste tempo traballa na novela inacabada *Isis* (1862), o primeiro volume dunha serie de obras, “filosóficas” segundo Villiers, que nunca viron a luz. Ese primeiro texto permite coñecer a teima correctora do autor, que ocasionará a perda de moitas oportunidades de publicación, así como a mestura de cristianismo, ocultismo e hegelianismo, elementos aparecerán en obras posteriores como *Clair Lenoir*.

Os seus retiros a Solesmes e os novos camiños da súa obra literaria

En 1862 Villiers é obrigado pola tía avoa Kerinou a se retirar ao convento beneditino de Solesmes para se recuperar da perniciosa relación que mantiña cunha muller pertencente á sociedade mundana de París, Louise Dyonnet, e para que revitalizase unha fe que parecía vacilar; ao ano seguinte volve repetir a estada, e sentíndose preso e sen cartos para poder abandonar o convento, recorre ao seu amigo Jean Marras. Este tempo resulta frutífero para a lectura e os estudos históricos e teolóxicos que deixaron no escritor unha fonda pegada³.

³É a partir de 1863 cando o escritor comeza a se converter nunha lenda, feito motivado en boa medida pola cantidade de anécdotas das que foi protagonista. Unha delas céntrase no acontecido cun suxeito alcumado “o León de Numidia” que presumía de ser un actor senlleiro e nunca perdía ocasión de exhibir o seu talento. Para se burlar del, Villiers explicoulle que algúns amigos seus desexaban montar *O mercador de Venecia*, pero non atopaban a ninguén capaz de interpretar o papel de Otelo, sobre todo porque o intérprete debía permanecer co rostro e os brazos pintados de

De volta en París, imprime as súas obras dramáticas de ambientación romántica *Elën* (1865) e *Morgana* (1866), ás que seguen os dramas realistas *La Révolte* (1870), *Le Nouveau Monde* (1883) e *L'Evasion* (1887)⁴.

Entre o 13 de outubro de 1867 e o 25 de marzo de 1868 publica por entregas na *Revue des Lettres et des Arts*, da que foi redactor xefe, a súa novela *Claire Lenoir*. Na publicación, Villiers incluíu a case todos os seus amigos parnasianos, na época un grupo de vangarda moi mal visto. A revista tivo o mérito de ser unha das primeiras en

negro toda a peza. “O León” ofreceuse axiña como actor e Villiers indicoulle como e onde debía presentarse para a proba, tras o cal reuniu os seus amigos no lugar indicado e todo rematou en estrondosas gargalladas ao que apareceu o fachendoso actor ataviado daquel xeito tan ridículo. A sutil vinganza do burlado consistiu en se aproveitar dunha cuestión candente naquel momento. O trono grego ficara baleiro e as nacións protectoras dese país, Francia, Inglaterra e Rusia, andaban na procura de substituto. Napoleón III aseguraba nos xornais que o candidato sería francés. “O León de Numidia” creou entón varios artigos falsos redactados con pseudónimo nos que afirmaba que o emperador Napoleón pensara no nome do último descendente do creador da Orde de Malta para ocupar o cargo de rei de Grecia e ofrecía moitas información ao respecto. Tanto é así que o pai de Villiers chegou á súa casa brandindo un xornal no que se aseguraba que o candidato non podía ser outro que o seu fillo, o cal tivo un feliz efecto entre a nobre e decadente familia. O asunto chegou a tal punto que Villiers solicitou unha entrevista co emperador Napoleón. Recibiuno un dos seus ministros e, aínda que nada se coñece sobre o que faláron, si se sabe que abandonou o palacio pola forza acompañado da garda. O nome de Villiers de L’Isle-Adam, xa coñecidísimo nos bares de París e entre os escritores, chegou a todos os xornais de París. Era o comezo da lenda.

⁴As innumerables tentativas de levar as súas obras a escena tamén acollen moitas anécdotas. Segundo recolle Phil Baker (2003), a súa imaxe de tolo e a súa excentricidade foi desprezada, entre outros polos irmáns Goncourt: “Era o típico bohemio literario ou poeta descoñecido. O cabelo, partido ao medio, caíalle en dúas partes encarcacoladas sobre os ollos que empuxaba cara a atrás con acenos de louco ou dun iluminado. Tiña uns ollos febrís, coma se fose vítima de alucinacións; o seu rostro era o dun adicto ao opio ou o dun masturbador; e un riso sarcástico e mecánico”. Máis tarde, cando se converte nun ídolo da xuventude, Edmond de Goncourt afirmou: “Baudelaire, Villiers de L’Isle-Adam e Verlaine: tres homes de talento, sen dúbida, mais un bohemio sádico, un alcohólico e un asasino homosexual”. Léon Deffoux (1929: 92-103), no entanto, escribe que “non era un alcohólico (...), senón que sempre estaba bébedo de lirismo”.

Francia en defender a Wagner e á súa música e malia que só durou cinco meses, asegurou o sustento do escritor neste tempo, pois a súa familia xa rozaba a miseria.

Tras un compromiso frustrado coa filla máis nova de Théophile Gautier pola oposición da súa familia, no ano 1868 as débedas do escritor aumentaran até o punto de que xa non conseguía pagar o alugueiro do cuarto que ocupaba nun hotel, o cal o obrigou a constantes mudanzas por impagamento. Villiers residiu en abondosos lugares e mesmo nas rúas e en edificios en construción.

O salón de Nina de Villard e as viaxes a Alemaña e Suíza

En 1868 comeza a frecuentar con asiduidade o famoso salón de Nina de Villard, de quen talvez foi tamén amante, até o punto de vivir nel por falta de cartos. Alterna alí con case todos os intelectuais malditos de París, nun ambiente ben máis libertino ca cas de Leconte de Lisle ou da nai de Verlaine, que tamén visitaba, e onde fai novas amizades: o inventor, poeta e humorista Charles Cros, o pintor Édouard Manet, protexido de Nina; músicos como Charles de Sivry, Henry Ghys e o excéntrico Ernest Cabaner; o ocultista Henri Delaage, o pintor Franc-Lamy e escritores como Anatole France e Guy de Maupassant. Se cadra tamén no salón de Nina se achega ás ideas políticas de extrema esquerda.

Entre xullo e setembro de 1869 viaxa a Alemaña e Suíza cos seu amigo Catulle Mendès e a súa dona. En Tribschen pasa nove días na casa de Wagner; despois trasládase a Lucerna para asistir ás óperas do músico alemán, e a Múnic, onde visita a Exposición Universal de Belas Artes, feito que aproveita para redactar algunhas crónicas para diversos xornais de París e gañar así algún diñeiro.

Ao ano seguinte, 1870, Villiers participa en París nas manifestacións insurreccionais de xaneiro. En maio, grazas á mediación de Dumas fillo, consegue estrear a súa peza *La Révolte*, que resulta ser un fracaso. En xuño dese ano volve viaxar a Alemaña cos seus amigos para asistir a varias representacións wagnerianas e volve instalarse na casa do músico, onde coñece a Friedrich Nietzsche.

Estratexias para fuxir da miseria

Co comezo do conflito entre Francia e Prusia, o ambiente “wagneriano” vírase desagradable. O propio Wagner comeza a falar mal dos franceses diante dos seus admiradores. Villiers e os seus amigos son obrigados a deixar Alemaña. Daquela, o matrimonio Mendès e Villiers deciden ir a Avignon, visitar a Mallarmé. E Villiers acorda converterse en correspondente de guerra para se asegurar un salario, malia que non se atopa en Alemaña.

Disque en Avignon ingresou no 11^o Rexemento dos Cabaleiros Cazadores e que ao comezo das revoltas de 1871 participou na Comuna canda os seus compañeiros parnasianos e socialistas, mais logo pasou a formar parte do exército e como comandante no 147^o Batallón da Guarda Nacional de París, sen dúbida buscando sobrevivir, pois a miseria da súa familia é dramática tras a morte da tía Kerinou en agosto de 1871. Villiers desempeñou entón os máis diversos oficios: monitor de boxeo inglés, axudante nunha funeraria, candidato ao Consello Municipal de París polo partido dos monárquicos ou auxiliar de médico. Este último traballo exerceuno por volta de 1880 despois de coñecer a un tal doutor Latino, especialista no tratamento de enfermos mentais e afeccionado ao espiritismo.

O 12 de outubro de 1872 aparece a primeira parte de *Axël* en *La Renaissance Littéraire et Artistique* e aínda

que seguirá a escribir, a partir deste ano non publicará demasiado. A miseria provoca que case desapareza e os seus amigos raramente o ven.

En París, a finais de 1874, trata de estrear *Morgana* sen o conseguir. En agosto dese ano é presentado á maior autoridade da literatura francesa da época: Victor Hugo, un dos seus autores predilectos, a carón de Flaubert e Baudelaire e, entre os estranxeiros, Goethe e Shakespeare.

A partir dese ano as súas publicacións aparecen espalladas en pequenas revistas, e a pesar da súa enorme sona de excéntrico, Villiers é considerado un autor practicamente sen obras con fama de preguiceiro, malia que na década 1870-1880 conclúe preto de dezaseis textos, na maioría contos, publicados en xornais efémeros. En *A Eva futura*, por exemplo, Villiers traballou cerca de dez anos nas peores condicións.

En 1879 Villiers residía nun cuarto alugado nun “hotel” na rúa des Martyrs. Bohemio e nocturno, adoitaba chegar de madrugada ou de mañá. Tan só Léon Dierx se ocupaba del e tamén Mallarmé, a distancia, e mais o seu curmán Robert. Neste tempo mantén unha relación con Marie-Elisabeth Dantine, unha muller belga analfabeta e servizal, antiga comadroua, viúva dun cocheiro e nai dun fillo, que aturaba as iras e groserías de Villiers.

En setembro de 1880 o xornal *Le Gaulois* publica o primeiro capítulo de *A Eva futura*, un fugaz momento de felicidade, pois axiña a novela se interrompe. En decembro aparecen o resto dos capítulos no xornal republicano *L'Étoile Française* onde a novela continúa até febreiro de 1881. En xaneiro dese ano nacera Victor-Philippe-Auguste, “Totot”, fillo de Villiers e de Marie-Dantine. É un dos momentos máis importantes na vida de Villiers, pois a partir dese momento concentrábase máis en escribir e publicar.

1882 foi, con todo, un dos peores anos da vida do escritor, obrigado a manter unha amante cun fillo, un pai senil, sen domicilio fixo, con acredores e con contadas publicacións. Ademais, nese mesmo ano morre a súa nai. Aínda así, segue a traballar en *A Eva futura* e nunha recompilación de contos, *Contes cruels* (1883).

Etapa de éxitos e morte na miseria

Porén, as cousas comezan a mudar. *Le Figaro*, un dos maiores xornais da época, abriulle as portas; consegue estreitar *Le Nouveau Monde*, malia que só estivo dúas semanas en cartel; e, un feito que terá unha importancia decisiva: a publicación en 1884 da novela *À rebours*, de Huysmans. Nun ambiente literario xa saturado polo realismo de Zola, o personaxe-narrador da obra de Huysmans, Des Esseintes, converteuse simbolicamente en representante da xeración que será denominada “dos decadentes”. Neurótico, exótico e misántropo, Des Esseintes pasa un ano encerrado na casa experimentando sensacións raras con perfumes, música e literatura. Na súa biblioteca, Poe, Baudelaire, Flaubert, d’Aureville, Verlaine, Mallarmé e obras de Villiers. E o neurótico, simbólico e decadente Villiers encontra os seus lectores e admiradores. Xorde entón ao seu redor un grupo de mozos que o consideran un mestre: Victor-Émile Michelet, René Ghil, Stuart Merrill, Pierre Quillard, Ephraïm Mikhaël, Rodolphe Darzens; este último converteuse nunha especie de secretario de Villiers.

Villiers segue a publicar en *Le Figaro*, colabora en *Gil Blas* e en 1885, en *La Vie Moderne*, aparece unha primeira versión completa de *A Eva futura* que se publicará en libro en maio de 1886.

A finais de 1886 Georges Rodenbach organízalle unha xira de conferencias por Bélxica que non chega a ter lugar


por unha crise de pneumonía de Villiers, aínda que o autor viaxará ao país anos despois.

Aproveitando a publicidade da obra de Huysmans e por necesidade de cartos, volve revisar a novela *Claire Lenoir*, inédita entre os mozos decadentes, e publica en maio de 1887 *Tribulat Bonhomet*, cuxo personaxe, o doutor Bonhomet, xa era coñecidísimo entre os seus admiradores.

En 1888 publica a nova recompilación de contos, *Histoires insolites* e o volume *Nouveaux contes cruels*.

A partir de 1889 a súa saúde empeora. Mallarmé encárgase de organizar unha colecta entre os amigos para cubrir as súas necesidades e as da súa familia. No mes de abril, cos cartos dos amigos, Villiers e os seus deixan París e instálanse en Nogent-sur-Marne. Un médico que lle leva Mallarmé descobre que ten cancro de estómago nun estado avanzado. O 12 de xullo é trasladado a unha clínica de París e ao mes seguinte, sentindo a súa morte próxima, redacta un testamento onde reconece o seu fillo Victor, froito da súa relación con Marie Dantine, coa que casa *in extremis*. Ao cabo, Villiers morre o 18 de agosto de 1889 e cóntase que as súas derradeiras palabras foron: «Eh bien, je m'en souviendrai de cette planète!». Os seus restos atópanse no cemiterio Père-Lachaise.

A EVA FUTURA



A Eva futura
(Ed. Hugin e Munin, 2013)

Xénese

Segundo conta o curmán de Villiers, Robert du Pontavice de Heussey (1893), Villiers, por volta do ano 1876, coñeceu nun restaurante un mozo inglés chamado E. W., de grande apostura mais cunha enorme melancolía na ollada que o escritor interpretou como froito dun desespero:

Matouse friamente algúns días despois do seu encontro con Villiers; deitado ao seu carón atopouse un manequín manchado de sangue, admirablemente confeccionado, que representaba unha muller: o rostro de cera, modelado por un grande artista, era a esfinxe dunha moza de Londres, moi coñecida pola súa beleza e que fora noiva do nobre e excéntrico lord.

O motivo do suicidio, continúa Robert du Pontavice, contouse despois no restaurante a un grupo de comensais entre os que estaba Villiers:

O lord adoraba o corpo daquela muller, estaba obsesionado por ela, pola súa beleza, pero sentía arrepío diante da súa alma, do seu espírito. Ao non dar aturado isto, matouse. Daquela, un dos comensais, un enxeñeiro americano, dixo:

—Lamento que o seu amigo non se dirixise a min, pois talvez o curase.

—Vostede? E como?

—*By God!* Colocando na boneca a vida, a alma, o movemento e o amor.

A asemblea mostrouse moi escéptica en materia de milagres; todo o mundo se botou a rir, bardante Villiers, que parecía absorto na confección do seu cigarro.

—Poden rir, estranxeiros —dixo moi serio o americano, collendo o seu chapeu e o seu bastón, mais o meu mestre Edison axiña demostrará que a electricidade é tan poderosa coma Deus!

E marchou.

Deses feitos e desa conversa nocturna naceu unha das obras máis orixinais desta fin de século: *A Eva futura*.

A anécdota de Robert du Pontavice, malia a súa coherencia, parece ser máis froito dunha invención de Villiers ca dun feito real, pois non hai noticias certas da existencia do tal lord E. W.

Outras fontes sinalan que a xénese de *A Eva futura* se remonta a 1877. Nesta data, a revelación que supuxo a invención do fonógrafo do americano Thomas Alva Edison, inspirou a Villiers de L'Isle Adam a idea de escribir un conto satírico de modesta feitura sobre a pretensión da ciencia moderna de rivalizar coa natureza e co fin de denunciar o mercantilismo do século. Consérvanse unhas poucas follas manuscritas deste proxecto inicial sen título no que tamén se inclúe a idea de fabricar un autómatas semellante a un ser vivo.

Dende esa data Villiers pensa en facer un relato máis ambicioso, xa cun título, «Miss Hadaly Habal», que tras varias tentativas se converte nun relato longo, *L'Andreide paradoxale d'Edison*, dividida en capítulos e que o ocupou todo o ano 1878.

Entre o outono de 1878 e os primeiros meses de 1880 aumentou e afondou na obra até convertela nunha novela. Esta versión, intitulada *L'Ève nouvelle*, comezou a aparecer en *Le Gaulois*, xornal dirixido por Arthur Meyer, en setembro de 1880 causando unha gran sorpresa entre os lectores e tamén no periódico, que interrompeu a súa publicación tras catorce entregas.

Villiers logrou axiña colocar a súa novela noutro medio, *L'Étoile française*, acabado de fundar polo seu amigo Édouard Taine por mor das eleccións legislativas de 1881, na que apareceu ao longo de dous meses. Mais, xusto no momento de entregar a conclusión, Villiers detivo a publicación para retocar o desenlace.

Nada máis se soubo da obra durante varios anos até que no verán de 1884 o autor volveu intentar publicala. Un ano despois Villiers conseguiu que lle aceptasen a nova versión no semanario *La Vie moderne*, co título *L'Ève future*, onde se publicou dende o 18 de xullo de 1885 até o 27 de marzo de 1886 con diversas interrupcións debidas ás dúbidas do

autor. A versión definitiva en libro apareceu por fin en maio de 1886. Como pode observarse, a xestación da obra foi longa e difícil.

Polo título, pola elección de Edison como personaxe principal e por todo o aparello técnico que contén, Villiers parece querer vincular a súa novela co xénero da anticipación científica cuxo modelo na época era Jules Verne –de feito, cabe sinalar a directa vinculación entre *O castelo dos Cárpatos* (1892) e *A Eva futura*. Esta consideración influíu de maneira negativa na novela. Os lectores tenden a crer que se lles vai ofrecer unha serie de aventuras baseadas na extrapolación hipotética das conquistas da ciencia, cando o fin do autor é outro, xa expresado no “Aviso ao lector”, onde define o libro como unha “obra de arte metafísica”. Deste xeito, quen espere unha narración cargada de peripecias e de acción, ficará decepcionado.

En *A Eva futura* aparecen ademais outros moitos temas que xorden decote dunha forma imprevista: a función da linguaxe na comedia que interpretamos na vida social; o papel da ilusión e da imaxinación no amor; os efectos nefastos da crenza cega no progreso indefinido; a importancia da electricidade na máquina humana; a insuficiencia dos sentidos; a diferenza entre o belo e o bonito. De feito, toda a novela é unha inmensa meditación sobre o ser e o parecer, sobre as formas máis variadas e inesperadas.

No que atange ao aspecto lingüístico, abundan os neoloxismos, os termos estraños, os nomes propios insólitos, as construcións singulares, os vocábulos usuais tomados en sentidos pouco correntes, frases noutras linguas, citas de autores de todos os países e épocas, algunhas delas inventadas polo autor, inexactas ou imposibles de atopar na obra do autor ou autora a quen lles atribúe. Por outra banda, estas citas conforman un discurso paralelo á novela e moitas delas resultan sorprendentes pola súa ironía, o

seu humor e a inventiva que demostra o autor na súa escolma ou naqueles casos nos que xorden, inventadas, do seu curioso espírito creativo, sempre orixinal e extravagante. A novela posúe un ton, unha terminoloxía e unha sintaxe específica que Villiers traballou a conciencia, co desexo de crear un distanciamento que xerese estrañeza.

Argumento

A grandes trazos, a novela conta como Thomas Alva Edison, logo de concibir un amplo catálogo de inventos, está en condicións de crear un ser humano artificial. Unha inesperada visita vaille proporcionar a ocasión de poñer en práctica a idea. Trátase do seu vello amigo lord Ewald⁵, vítima dunha gran desesperación tras caer perdidamente namorado da cantante Alicia Clary, cuxa abraiante beleza só pode equiparse á súa estupidez. Para afastalo da intención de se suicidar, Edison promételle fabricar unha andreida que terá o físico exacto de Alicia, pero que estará dotada, grazas a un enxeñoso sistema de fonógrafos, dunha intelixencia digna da súa fermosura. O norteamericano decide acometer esta tarefa logo de sufrir a trágica fin doutro amigo, Edward Anderson, quen, seducido polos enganosos encantos dunha coñecida bailarina, Evelyn Habal, deixara a muller e os fillos e, tras arruinarse e ser abandonado pola súa pérfida amante, se suicidara. Segundo afirma o inventor, a creación de mulleres artificiais poderá impedir que tales desastres se produzan. Edison advírtelle a Lord Ewald que o éxito da empresa dependerá da súa vontade de crer na realidade da andreida, e ambos os homes selan un pacto solemne.

⁵Pierre-Georges Castex (1987: 364) suxire nunha nota ao pé que talvez o nome de lord Ewald, conde Celian Ewald, pode ser un anagrama do nome de Villiers: «Celian Ewald dá *Willie de liçle adan*», unha sutil maneira de se incluír na obra.

Edison comeza entón a darlle á súa máquina a forma exacta de Alicia, á que invita á súa casa baixo o pretexto de poder reproducir, con rigorosa minuciosidade, todos os detalles da súa persoa. Unha noite, Ewald percibe tan sutil sensibilidade e intelixencia na súa compañeira que se confesa disposto a preferirla á andreida, mais axiña descobre que o ser co quen fala non é Alicia senón Hadaly, a andreida. Hadaly confíalle toda sorte de revelacións sobre o alén, e o lector acaba sabendo que a vida de Hadaly depende dun ser sobrenatural chamado Sowana, incorporado á andreida grazas á mediación paranormal da viúva de Edward Anderson, acollida por Edison na súa casa.

Lord Ewald parte con Hadaly para comezar unha nova vida no seu castelo de Inglaterra, pero no momento de liberala das súas cadeas para a viaxe, Edison constata que a señora Anderson está morta: é Sowana a que vive no corpo da andreida. Pouco tempo despois, chégalle a nova de que Hadaly morreu nun naufraxio no que tamén pereceu Alicia, aínda que o lord inglés só lamenta a morte da andreida. O enxeñeiro comprende que Deus non quixo que triunfase a súa tentativa sacrílega de substituír a creación divina por unha humana.

Estrutura

O comezo de *A Eva futura* é dunha extrema lentitude. Asistimos a un longo monólogo de Edison, e a acción non principia até a chegada dun telegrama e a de lord Ewald. Os oito capítulos seguintes conteñen o relato do mozo sobre os seus amores con Alicia Clary e é no último capítulo do libro primeiro cando Edison anuncia que se propón “quitar esa alma dese corpo”.

Os libros segundo e terceiro relatan os prolegómenos do pacto e comezan a análise do mecanismo da andreida.

Pero antes de rematar coas explicacións, Edison interrompe as súas palabras para revelarlle a Ewald o segredo da súa decisión de crear a Hadaly, e o libro cuarto consiste nunha nova volta atrás para contar a historia de Edward Anderson e Evelyn Habal.

No quinto libro, Edison remata a súa exposición sobre o funcionamento da andreida. Ao comezo do sexto, Alicia chega a Menlo Park e tras unha conversa onde queda de manifesto a súa estupidez, Villiers pasa rapidamente sobre as tres semanas que necesita a transformación da andreida na copia de Alicia. Por fin acaba o traballo e Ewald, ao se atopar con Alicia no parque unha noite de eclipse, cre que a ama e non pode preferir estar cunha moneca sen vida. Pero xusto nese momento descobre que está con Hadaly. Seguen varios capítulos nos que Hadaly lle fai unha chea de revelacións sobre o alén, despois do cal a instalan no seu ataúde para a viaxe cruzando o Atlántico. Pero, antes da partida, Edison explícalle ao seu amigo o papel que desempeñou Sowana na animación de Hadaly, e logo descobre a morte da señora Anderson. Un derradeiro capítulo conta a perda de Hadaly e mostra o estremecemento de Edison diante do ceo estrelado.

Vemos polo tanto que a acción principal do libro está concentrada no libro sexto, e que os cinco restantes consisten en discusións, explicacións e distintos relatos retrospectivos e ocupan un tempo de só oito horas, dende as cinco da tarde até a unha da madrugada aproximadamente. Unha brusca aceleración e un cambio de ton tamén verdadeiramente notable permítenlle a Villiers eludir o período transitorio de tres semanas. Por fin, a conclusión leva o lector de sorpresa en sorpresa, co marabilloso golpe teatral da revelación da identidade do ser que Ewald tomou por Alicia, a explicación da intervención misteriosa de Sowana, a descuberta da morte da señora Anderson e,

en último lugar, o fracaso da empresa e a fatal destrución de Hadaly.

Tras as longas exposicións, o lector comprende ao final a relación entre a historia de Anderson e o funcionamento da andreida, se non se rende polo camiño. Villiers foi consciente de todo isto e manifestou o seu orgullo pola composición da obra. O esencial para el non reside nunha narración lineal, senón nos temas que van xurdindo.

Tópicos decadentistas

Un dos principais intereses de *A Eva futura* é o culto á artificialidade, tipicamente decadentista. O personaxe principal, Edison, pese a ser un científico, posúe moitos dos trazos típicos do artista decadente: paixón polo raro e refinado, desexo de transgredir, aversión ao vulgo. O narrador chámalle “sabio” e “artista” e “Beethoven da ciencia”, e en varias ocasións as súas creacións son cualificadas como “obras de arte”. Edison vive illado do seu banal contorno, “os dominios (inexplicables, sen dúbida, mais demasiado percorridos (...)) da vida normal, da vida propiamente dita” (Libro II, cap. 1). Habita nun laboratorio subterráneo, “un mundo de fenómenos tan insólitos coma impresionantes” (Libro II, cap. 1). A presentación dos prodixios científicos segue unha pauta fixa: un inicio con críticas sobre a ineptitude da natureza, seguido por un intento de substituír as súas creacións por outras artificiais e melloradas. O laboratorio está cheo de paxaros autómatas con voces humanas; Edison substituíu neles “o canto pasado de moda e sen significado do paxaro normal pola palabra e o riso humanos, cousa que me pareceu máis acorde co espírito do progreso” (Libro III, cap. 3).

O laboratorio de Edison oponse ao mundo exterior. É un lugar non simplemente dedicado á ciencia, senón

tamén dotado de luxo, suntuosidade e exotismo, amoblado con tapices persas, mesas de ébano e tallos de marfil. Edison úsao como lugar de retiro e meditación, permitindo o acceso só aos seus confrades. A descrición do seus instrumentos enfatiza as calidades místicas:

Aquí e acolá, enchendo as mesas, víanse formas de instrumentos de precisión, engraxes de mecanismos descoñecidos, aparellos eléctricos, telescopios, reflectores, imáns enormes, matraces con tubaxes, frascos acugulados de enigmáticas substancias e encerados cubertos de ecuacións (Libro I, cap. 1).

Ese microclima particular permite desenvolverse na súa plenitude as refinadas e antinaturais invencións de Edison; cando estas pasan ao ámbito exterior, sempre resultan destruídas dunha ou outra maneira. Por exemplo, a andreida morre cando Lord Ewald a transporta do laboratorio de Edison á súa mansión inglesa.

O afán de individualización, de ir en contra das convencións sociais, é unha isotopía clave en *A Eva futura*, en resposta á figura do artista cultivada polo autor, un dandi aristocrático. Os actantes principais, Edison e Lord Ewald, continúan un tópico romántico (o individuo contra o conxunto social) reelaborado polo decadentismo (o individuo está afectado polo *ennui* e a canseira vital, e o culto romántico á natureza é substituído polo culto á artificialidade). Este tópico asume tres aspectos:

a) Excepcionalidade. Ambos os actantes exhiben o que pode chamarse unha espectacularización das marcas de individualización. Edison é descrito como un científico “único”, afeito a reflexións “fantasiosas e estrañas”. A súa característica distintiva é a extrema erudición, a posesión de coñecementos estraños e inusuais, de saberes ocultos. Lord Ewald, pola súa banda, é un aristócrata, un soñador e un amante da soidade, a arte e as viaxes exóticas. En

cada unha das súas aparicións enfatízase a súa elegancia e refinamento no vestuario, o tabaco, o viño, a decoración etc., e como despreza os cartos. Esta parella de actantes, o científico extravagante e o dandi, son sumamente frecuentes nos relatos que bordean a ciencia ficción do XIX.

b) Oposición á sociedade. Edison vive illado no seu palacio, e só ten “duros sarcasmos” para o resto da humanidade. O distanciamento prodúcese como reacción á intranscendencia e á banalidade do conxunto social: en repetidas ocasións o personaxe realiza asercións como: “Poderíase dicir que o destino non permitiu que aparecese o meu instrumento, o fonógrafo, até o momento no que nada do que di o home paga a pena ser conservado” (Libro I, cap. 5). Un elemento clave é a recepción dos inventos de Edison:

E pensar que tras seis mil e algúns anos dunha lagoa tan prexudicial para a humanidade como a ausencia do meu fonógrafo —proseguíu—, cantidade de burlas xurdidas da indiferenza humana saudaron a aparición do meu primeiro ensaio...! «Un xoguete de nenos», rosmaba a xente (Libro I, cap. 3).

A pasaxe exhibe, adecuadamente teatralizada, a fenda valorativa entre o sabio orientado cara á apreciación dunha máquina só polo seu refinamento e polo desafío que supón para a súa intelixencia e a súa sensibilidade de “científico-artista”, e a multitude interesada só no utilitario.

c) Oposición á “medianía”. Tanto Edison como Lord Ewald son portadores dun discurso crítico con respecto ás posturas vitais burguesas defensoras do “punto medio”. Isto cristaliza no que poderíamos denominar un fetichismo pola extrapolación e a intensificación (até as últimas consecuencias) de cada área da actividade humana. Os gustos artísticos de ambos os actantes coinciden en sinalar que:

“Os únicos seres que merecen o nome de artistas son os creadores, os que espertan impresións intensas, descoñecidas e sublimes” (Libro I, cap. 17). O amor, para Lord Ewald, é unha paixón absoluta, pois só se dá unha vez: “Está no meu ser amar unha soa vez. Na miña familia, se as cousas van mal, desaparecese sen queixas nin discusións, así de simple. Deixamos os «matices» e as «concesións» para outros homes” (Libro I, cap. 19). O resto da sociedade é caracterizado como carente de relevo específico, ao se conformar con gustos e paixóns correntes.

O tópico da admiración por outras épocas decadentes atopa así mesmo unha abondosa plasmación no texto. Edison, inventor do fonógrafo, laméntase de non poder rexistrar, para a súa colección, a banda sonora dalgúns momentos célebres da Antigüidade. É significativa a elección destes:

a) A morte de Lilith. Trátase dunha personaxe que aparece nalgúns Evanxeos Apócrifos, os cales constituían unha lectura moi frecuente entre os decadentistas.

b) Elementos místéricos e “ocultos” do paganismo clásico, como os oráculos de Dodona, as melopeas das sibilas, as risas dos augures e os himnos de Memnón á aurora. O teosofismo e o esoterismo de finais de século deron cabida a certos aspectos satisfactoriamente herméticos da relixión grecorromana, debido á instancia de lexitimación representada polo achegamento a unha tradición cultural prestixiosa.

c) Edison é comparado con Flamel, Paracelso ou Ramon Llull, “meigos e alquimistas da Idade Media”, e lamenta non poder rexistrar “o ruído da caída do Imperio Romano”. A Idade Media e a declinación do Imperio Romano son, precisamente, dous períodos históricos cara aos

cales os decadentistas desenvolveron unha marcada identificación.

Crítica da ciencia moderna

Como adiantabamos, a novela principia cun longo soliloquio no que Edison medita sobre os límites dos seus recursos e lamenta que os seus inventos non existisen antes para eliminar todas as dúbidas que a humanidade puidese albergar sobre a existencia de Deus. Malia a súa hostilidade cara á filosofía positivista que profesaban moitos sabios da súa época, Villiers sempre sentiu fascinación pola idea de que un día os métodos da ciencia positiva poderían proporcionar unha proba irrefutable da realidade do sobrenatural e dun mundo alén do das aparencias.

En *A Eva futura* asistimos a unha serie de revelacións: primeiro vemos un autómatas que é unha máquina e despois unha creación na que o inventor tira partido de certas conquistas do hipnotismo e do espiritismo, e incluso dunha transfiguración mediante a cal a invención escapa a todo control humano e abre o acceso ao máis alá. Malia a aparencia de novela de anticipación científica e malia a alegría algo infantil coa que Villiers detalla todos os refinamentos técnicos da andreida, *A Eva futura* marca os límites infranqueables da ciencia e afirma o irredutible misterio oculto no fondo das cousas. Pero como por necesidades da ficción o escritor debe aparentar que toma en serio a posibilidade da perfección indefinida das descubertas científicas, non carga contra a vaidade da ciencia moderna como si fai noutros textos.

Villiers sempre manifestou un grande interese polos logros da ciencia moderna, que seguía cunha mestura de terror, curiosidade e admiración. Sen dúbida, viuse influído polo seu tío Philippe de Villiers de L'Isle-Adam, avogado

de profesión e inventor no seu tempo de lecer, e mais polo conde Hyacinthe du Pontavice de Heussey, amante apaixonado do progreso e positivista afervoado. No entanto, a amizade máis decisiva foi a que mantivo con Charles Cros a partir de 1872, tras coincidiren no salón literario de Nina de Villard. Cros, ademais de poeta, era inventor, e as súas pescudas centrábanse na fotografía en cor, o rexistro de sons, os medios de comunicación con outros planetas e a electricidade. De feito, Cros disputou con Edison a propósito da invención do fonógrafo sen conseguir que se lle recoñecese o seu labor.

Agora ben, se Villiers sentía atracción polos aspectos máis pintorescos das invencións científicas, sempre manifestou hostilidade pola concepción materialista do universo que defendían varios sabios do seu tempo, e que atentaba contra o seu espiritualismo innato. Xa en 1862, na novela inacabada *Isis*, lanzara longas diatribas contra os prexuízos do cientifismo, e en 1867, no relato filosófico *Claire Lenoir* concentrou os seus esforzos en arruinar as pretensións da ciencia con respecto á súa intención de ofrecer unha explicación completa do mundo. Con posterioridade, a partir de 1873, compuxo unha serie de contos satíricos nos que se burla ferozmente da idolatría ao progreso científico que, ao seu ver, non leva máis ca á atrofia espiritual e á morte do ideal –“L’Affichage céleste” (1873), “La Machine à Gloire” (1874), “L’Appareil pour l’analyse chimique du dernier soupir” (cuxo primeiro bosquexo apareceu en 1874), “Le Traitement du docteur Tristan” (1877), todos recollidos en *Contes cruels* en 1883.

Condena da mentalidade burguesa

Se a actitude de Villiers cara á ciencia é unha mestura algo ambivalente de receo e fascinación, non hai ambigüidade

na condena da mentalidade burguesa que encarna Alicia Clary. Dotada dunha magnífica voz, non entende nada da verdadeira arte; pechada a todo aquilo que non pode ser calculado en termos de cartos, a beleza élle indiferente; despreza o que é “poético”; chócalle todo o que supera os estreitos límites do seu entendemento: Deus, a morte, o amor; e non ten outra lei ca o do máis eslamiado sentido común. Parécese a todos os heroes burgueses creados polo autor na súa literatura e na súa campaña contra o espírito materialista e mercantilista do seu tempo.

A misoxinia

Ao considerar defectuosas as mulleres humanas, o inventor da novela decide crear unha andreida: un ser mecánico con forma feminina que contará co corpo dunha *Venus Victrix* e cunha alma sublime. Ademais, terá unha voz máis perfecta ca a dunha diva de ópera, e alimentarse só con aceite de rosas, pílulas e auga pura, rexeitando outro tipo de alimento (que a afectaría ao non ser tan perfecto coma ela). É dicir, o artificial, o humano, substituíu e mellorou a obra da natureza.

O texto contén unha visión obxectivamente sexista, que conta con antecedentes en Ruskin e, até certo punto, en Schopenhauer: a noción de que a muller é un ser orientado só cara ao mundano e ao material (e, dentro deste eido, cara aos aspectos máis rutineiros e banais: os cartos, a procreación, o seu gusto por obras de arte moralistas ou pedagóxicas etc).

Na misoxinia de Villiers rastrexáanse pegadas dun rancor persoal. Malia que sempre se sentiu inclinado a facer súa a misoxinia do seu mestre Baudelaire, neste caso razóns particulares agravan a súa habitual desconfianza cara ás mulleres. Disque ao crear a personaxe de Alicia Clary,

Villiers ten en mente a moza angloirlandesa que lle causou a decepción máis cruel dunha vida ateigada de desgustos, malia acariñar dende a adolescencia o soño romántico de vivir un grande amor.

En 1873 Villiers, desesperado pola súa miserable situación económica, asina un contrato co Conde de la Houssaye nestes termos:

Eu, o abaixo asinante, recoñezo que recibín a promesa do Conde Villiers de L'Isle-Adam de douscentos mil francos que deberán pagarse cando case coa persoa que lle presentarei. No caso de que o casamento non teña lugar, a nota promisorio non terá valor e, en consecuencia, non se poderá reclamar.

É necesario que a fortuna da muller do Conde de Villiers sexa dun mínimo de tres millóns.

París, 23 de decembro de 1873
Conde de la Houssaye
15, Avenida Trudaine

A muller que o Conde lle busca é irlandesa e ten sonda de ser unha rica herdadeira, pero vive en Londres: Anna Eyre Powell. El acompañará a Villiers até Londres para facer as presentacións; mércalle roupa, unha dentadura postiza –pois aos 36 anos xa perdera case todos os dentes– e o billete para Inglaterra. O seu amigo Mallarmé tamén interveu no asunto, pois encargouse de aprenderlle inglés a Villiers en dúas semanas.

En decembro de 1873 ten lugar a viaxe, pero nada acontece como estaba previsto e, polo que parece, o Conde de la Houssaye abandonouno en Londres, sen cartos e se pasaxe de volta. Villiers confesouse perdidamente namorado da moza en varias cartas, e suponse que ela tamén cría que a voda co conde francés era un bo negocio e que ao final o deixou de improviso.

Este fracaso fai que lle atribúa a Alicia gran número de trazos emparentados con Anna Eyre. Lord Ewald vive en Staffordshire e coñece a Alicia na estación de Newcastle-under-Lyme, e Anna tiña relación con esa vila. Alicia é unha cantante e Anna quixo comezar unha carreira na ópera. Alicia pertence a unha familia escocesa recentemente ennobrecida, e Anna comparte un medio análogo en Irlanda.

Pero o resentimento do autor, avivecido por outras decepcións sentimentais⁶, alcanza a case todas as mulleres, como mostra o seu retrato da deplorable Evelyn Habal, á que pinta con defectos como a sensualidade descarada, a infidelidade, a cobiza e o desexo de envilecer un grande home. Villiers vai aínda máis lonxe cando lle empresta a

⁶A historia sentimental de Villiers conta con bastantes episodios desafortunados. Con dezasete anos parece ser que viviu dous idilios trágicos: un deles remataría coa morte da rapaza e o outro, aparentemente, porque a amada entrou nun convento. En 1863 principia unha relación tortuosa con Louise Dyonnet, unha muller maior ca el, pertencente á sociedade mundana de París e nai de dous fillos, que remata un ano despois. Os seus pais considerábanla unha criatura miserable; nas súas cartas, o escritor quéixase amargamente das súas infidelidades, das débedas que contraeu no seu nome e dos tremendos sufrimentos que lle causara. En 1866 prométese oficiosamente con Estelle, a filla máis nova de Théophile Gautier, pero en xaneiro de 1867 desdixose porque os seus parentes non consideraron conveniente o matrimonio por non ter a rapaza sangue azul. En setembro de 1869 nace en París Jules Émile Leroy, fillo da actriz Mathilde Leroy e talvez fillo natural seu, morto en 1911. E non será o único, pois en 1881 Marie Dantine, a analfabeta viúva dun cocheiro belga, dá a luz a Victor-Philippe-Auguste. A partir de entón Villiers vivirá con ela e renunciará ao plan de acadar un casoiro vantaxoso que dende 1872 fora o empeño da súa familia co obxectivo de conseguir diñeiro fácil. De feito, serán os seus pais os que busquen mozas ricas para el até en máis de vinte ocasións. Parece ser que Villiers, tras o nacemento de Victor, acumado Totor, se mantivo fiel a Marie-Dantine até a morte, cunha única excepción: unha muller chamada Marie-Émile Chartroule de Montifaud, escritora de novelas e contos escabrosos e pornográficos co pseudónimo de Marc de Montifaud, que obrigaban a autora, de cando en vez, a se exiliar a Bélxica ou Inglaterra. Villiers rompeu con ela cando se decatou do seu namoramento. Nos días finais da súa vida Villiers casou con Marie Dantine e recoñeceu o fillo, que morreu en 1901.

Edison estatísticas fantasiosas sobre o número de familias destruídas cada ano por criaturas deste tipo. A indignación do escritor faille perder a medida, e o retrato é tan negro que acaba case facendo sorrir, moito máis tendo en conta que, lonxe de ser fermosa ou bonita, Evelyn é dunha insigne fealdade e debe todo o seu encanto a engadidos artificiais. O lector pode preguntarse como é posible que Anderson, o seu amante, non notase que lle faltaban dentes, fose calva, estransillada e sen graza ningunha. Sen dúbida, Villiers quixo demostrar que os atractivos dunha muller dependen dos artificios que constitúen as dentaduras postizas, os cabelos falsos, os recheos ou a maquillaxe. O asunto supón unha nova variación ao tema do artificial que domina toda a novela.

Pegadas do romanticismo

Pero a esaxeración desta misoxinia é o reverso dun insaciable desexo frustrado de amor. Romántico afervoado, Villiers sempre alimentou o soño dunha gran paixón por unha muller excepcional pola súa beleza e polo seu enxeño, e como as mulleres coas que se atopou non estaban á altura da súa idealización, insería os seus reproches e atribuíalles unha grande indignidade. As peores decepcións, as máis atroces humillacións non destruíron por completo este soño. Así, no capítulo XI do Libro segundo, “Palabras cabaleirescas”, precisa que existen excepcións, “esas nobres flores humanas, todas radiantes do verdadeiro mundo do amor”.

Tamén é romántica a idea na que se basea toda a obra: que unha creación do noso entendemento será sempre máis fermosa e verdadeira ca a realidade visible e palpable. Agora ben, aínda que a andreida posúe unha armadura material, non pode vivir se non é a condición

de que Edwald crea na súa realidade. É un aspecto da filosofía idealista de Villiers, baseada nunha interpretación apresurada de Hegel:

Ilusión por ilusión, o ser desta presenza mixta que se chama Hadaly depende da vontade libre do que ouse concibilo. (...) Afirmeo cunha pouca da súa fe viva, como afirma o ser, despois de todo tan relativo, de todas as ilusións que o arrodean (Libro II, cap. 6);

non hai para o home outra verdade que a que acepta crer entre todas as demais, tan dubidosas coma a que escolle. Escolle pois a que te converte nun deus (Libro VI, cap. 8).

Afirmacións coma estas repítense seguido na novela. En principio, todo o mecanismo da andreida só serve para manter a ilusión na que o lord inglés acepta crer. Neste sentido, *A Eva futura* é máis unha novela filosófica ca un relato de anticipación científica.

Outros mitos e referencias

Na novela está presente a alusión ao *Fausto*, un mito que obsesionou o autor boa parte da súa vida. Xa no «Aviso ao lector» advirte que cómpre ler a obra á luz do *Fausto*. Dous epígrafes (o do capítulo 1 do Libro III e o do capítulo 16 do Libro V) están tomados do *Fausto* de Goethe. Ademais, Villiers lembra, sen necesidade, outras dúas versións da lenda de *Fausto* cando fai que Edison cite a Berlioz (Libro III, cap. 5), e cando algo máis adiante, precisa que, cando se produce o encontro entre Edward Anderson e Evelyn Habal «representaban o *Fausto* de Charles Gounod» (Libro IV, cap. 1).

No Libro II, «O pacto», a lembranza ao *Fausto* é clara: o pacto entre Edwald e Edison é unha réplica moderna do

de Fausto con Mefistófeles. Edison, coma Mefisto, ofrece a axuda da maxia a Ewald que, coma Fausto, está a piques de se suicidar por desespero. Aínda que o lord non vende a súa alma e Edison non ten nada de diabólico, os dous saben que coma Fausto están a punto de desafiar a Deus e que pretenden perturbar o réxime divino. Tamén, ao comezo da novela, Edison se lamenta da vaidade da súa ciencia, igual ca Fausto nas primeiras escenas da traxedia de Goethe.

Así mesmo, inseriu referencias constantes a outra obra que contén un pacto infernal: o *Freischütz* de Weber. Na ópera, o cazador Max acorda co demo dispor de balas máxicas que lle permitirán gañar un concurso de tiro e casar coa súa prometida Ágata; non sabe que o demo destina a derradeira bala a matala. No momento da chegada de Ewald, precísase que Alicia está «en Nova York, no noso palco do teatro, lucindo as pedras das súas orellas e facendo coma quen que escoita o *Freischütz*» (Libro I, cap. 11). Cando Alicia chega a Menlo Park, Edison pregúntalle sobre a ópera, da que evidentemente non entendeu nada e da que di con desdén: «esa ópera (...) é moi *fantástica*», e presume de que marchou: «antes do valse» (Libro VI, cap. 2). Edison incide con retranca dicíndolle que non pode «basear o seu xuízo nos fragmentos..., como as escenas do bosque e da fundición das balas, por exemplo, ou mesmo sobre o «anaco» da calma da noite... ». Villiers lembra de novo a ópera de Weber tras a despedida de Edison e Ewald: «Velaquí unha bala que lle envío ao Demo, se é que existe, e, nese caso, inclínome a pensar que andará pola contorna. —Ha, ha! Coma no *Freischütz*! —murmurou lord Ewald» (Libro VI, cap. 14).

Todas estas alusións a un pacto infernal engaden novas resonancias aos temas científico, filosófico e amoroso e fannos comprender que a empresa de Edison e Ewald

é en verdade unha posta en práctica de toda a condición humana.

Hai ademais outros mitos. É evidente que o título da novela alude á historia bíblica, igual ca as citas tomadas da Biblia (hai catro) e os títulos dos capítulos que encerran referencias bíblicas –«O Edén baixo terra», «Deus», «Nigra sum, sed formosa», «E a sombra foi» e «Loita co anxo»–, así como certas réplicas nos diálogos, sobre todo no soliloquio de Edison, naturalmente, pero tamén na pasaxe na que o inventor lle di ao lord que pretende: «facer saír da lama da actual ciencia humana un ser *feito á nosa imaxe*, e que será con respecto a nós o que nós somos con respecto a Deus» (Libro II, cap. 4), frase que deixa ben clara a desmesura sacrílega da tentativa.

O paraíso perdido de Milton figura na novela en dous epígrafes e na alusión á caída dos anxos; Prometeo e o Inferno de Dante tamén son evocados. Todo o cal demostra que Villiers non dubida en recorrer a grandes mitos nos que o home se revela contra Deus.

A figura de Edison

Non cabe dúbida de que un dos apoios fundamentais desta historia fantástica de Villiers de L'Isle-Adam é a figura de Thomas Alva Edison. Deste xeito, o autor francés comeza xa o texto cunha «Advertencia ao lector» na que advirte do traslado que fixo da figura do seu contemporáneo á ficción e de que non debe considerarse un calco do Edison histórico senón un personaxe de lenda. Malia isto, Villiers recompila todas as etiquetas atribuídas a Edison e ás súas invencións: fala del como dun enxeñeiro xenial, como do domador da electricidade; denomíno «o home que apressou o eco», «o marabilloso inventor de tantos prestixios, o mago da orella (case xordo e que coma un Beethoven da

ciencia soubo crear ese imperceptible instrumento grazas ao cal a xordén non só desaparece, senón que descobre, máis aguzado aínda, o sentido do oído cando se axusta no orificio do tímpano)» (Libro I, cap. 1); «O pai do fonógrafo» (Libro I, cap. 2) etc.

Villiers concentra en Edison todo o discurso científico do relato. O escritor, que non posuía unha gran cultura científica, non se preocupa en gran medida pola exactitude neste eido, pois debuxa a Edison nun terreo entre o sortilexio e a maxia que conducen o discurso científico cara ao espírito racionalista e positivista. O discurso científico de Edison ocupa arredor de dezaseis capítulos dos setenta e catro da novela, agrupados no Libro V, un longo discurso no que o enxeñeiro lle explica, como bo pedagogo, de maneira estruturada e metódica (cada parte do corpo conta con cadanseu capítulo), a fabricación e o funcionamento da súa andreida a lord Ewald. Os parlamentos de Edison caracterízanse pola súa complicidade e exceso de precisións de orde matemática, xeométrica ou física, de hipóteses, cálculos e demostracións seguidas de conclusións.

Por outra banda, Villiers perfílaio con grande ironía, aínda que tamén como un home humilde e modesto –«Eu son o que non sei nada, o que adiviña ás veces, o que atopa con frecuencia, o que se marabilla sempre»–; como un poeta e un soñador, un home afectuoso cos seus –véxase a escena do capítulo 7 na que fala cos seus fillos e que se volve repetir no mesmo capítulo do Libro II–, e un ser humano bo que se presta a axudar ao seu amigo lord Ewald en agradecemento a unha axuda anterior que este lle prestou e da que nada se aclara: «Cantas veces pensei naquel providencial mozo da estrada de Boston ao cal lle debía a gloria, a vida e a fortuna!», di Edison.

Dada a peculiar personalidade do científico e a gran cantidade de datos coincidentes coa realidade que aparecen

en *A Eva futura*, non está de máis ofrecer un percorrido pola biografía de Thomas Alva Edison.

Thomas Alva Edison naceu o 11 de febreiro de 1847, en Milan, unha pequena poboación de Ohio na que o seu pai, Samuel Edison, se establecera por mor da súa participación nunha rebelión contra os ingleses no Canadá que rematou en fracaso. Esporeado por unha gran curiosidade, Thomas realizou durante a infancia os primeiros experimentos, que ocasionaron outros tantos accidentes e azoutas públicas do seu pai, como por exemplo cando provocou o incendio do alpendre da casa.

Cando Edison tiña sete anos, a familia volveu emigrar, desta vez a Port Huron (Michigan), debido á crise que afectou á localidade de Milan, marxitada polo ferrocarril. Na súa nova residencia, o futuro inventor fixo os seus primeiros estudos, unha breve experiencia que non se prolongou máis alá de tres meses, ao cabo dos cales foi expulsado da escola. O mestre alegou a súa falta absoluta de interese e unha manifesta torpeza, comportamentos aos que non era allea unha xordeira parcial que contraeu como secuela dun ataque de escarlatina⁷. A súa nai, Nancy Elliot, que exercera como mestra antes de casar, asumiu a educación do rapaz e conseguiu facer agromar nel unha curiosidade sen límites, a característica máis sobranceira da súa vida.

Con dez anos, no laboratorio que instalou no soto da casa familiar, Thomas aprendeu por si só os rudimentos da química e da electricidade, e con doce decidiu comezar a traballar para gañar cartos e poder estudar. A súa primeira iniciativa empresarial consistiu en vender xornais e lambetadas no tren que facía o traxecto de Port

⁷A súa xordeira atribúese tamén a un acontecemento posterior que aconteceu mentres traballaba no tren que facía o traxecto de Port Huron a Detroit. Mentres trataba de vender os seus xornais na plataforma da estación de Smith's Creek, viu que o tren arrincaba. Para salvalo o condutor colleuno das orellas. A partir dese día quedou parcialmente xordo.

Huron a Detroit; estalara a Guerra de Secesión e os viaxeiros estaban ávidos de noticias. Ademais, mercaba revistas científicas, libros e aparellos diversos que lía e probaba no vagón de equipaxes do convoi. En Detroit pasaba a maior parte das horas de espera na biblioteca, lendo libros que consideraba que podían resultarlle útiles para os seus estudos científicos. Tamén aprendeu a telegrafar e, tras conseguir unha prensa para imprimir de segunda man, comezou a publicar o seu propio xornal, ao que bautizou co nome de *Weekly Herald*, converténdose así non só no editor máis novo dos Estados Unidos de América, senón tamén no propietario do único xornal do mundo que se imprimía nun tren. Este seu primeiro negocio rematou de xeito inesperado ao se declarar un incendio no vagón provocado por un dos seus experimentos, feito que motivou primeiro o seu despedimento temporal e ao seu regreso a prohibición de realizar calquera experimento.

Aos dezaseis anos, o mozo abandonou a casa familiar na procura de novos horizontes. O seu dominio do oficio de telegrafista levouno a errar por diferentes vilas –Stratford Junction, Detroit, Michigan, Ohio, Indianápolis, Cincinnati, Fort Wayne, Memphis, Nova Orleáns, Tennessee...–, desempeñando empregos ocasionais e efémeros, pois ademais de que os cartos non lle preocupaban, tiña moito interese en aprender, inventar e facer cousas que pagasen a pena. Daquela aloxábase en sórdidas pensións e investía todo o que gañaba en adquirir libros e aparellos para experimentar, desatendendo mesmo o seu aspecto persoal.

Tras esta vida de vagabundo, chegou a Boston aos vinte e un anos, onde conseguiu un emprego como telegrafista na quenda de noite na estación da Western Union. Os experimentos de Edison, que na súa infancia constituíran un entretemento, comezaron entón a adquirir un sentido práctico. O seu obxectivo era facer descubertas que mellorasen

a vida dos demais. No seu tempo de lecer estudou a obra do científico británico Michael Faraday e informouse do método para canalizar o seu xenio inventivo. Ademais, aprendeu francés e alemán e tornouse máis ordenado e disciplinado. Interesáballe de maneira especial a electricidade. Certa vez que os seus compañeiros de traballo se queixaron das cascudas que inzaban a oficina, electrocutounas cun circuíto de arame cargado de corrente. En 1868 rexistra a súa primeira patente: un contador eléctrico de votos que lle ofreceu a unha das Comisións do Congreso en Washington, cuxos membros o rexeitaron ao cualificalo de superfluo.

Desconforme cos seus lentos progresos en Boston, Edison decidiu probar sorte en Nova York. Sen cartos ningúns, chega a Nova York en 1869 e comeza a traballar na Gold Indicator Company, cuxa actividade consistía en facer funcionar indicadores eléctricos automáticos de cotizacións de Bolsa, que rexistraban hora a hora as fluctuacións do prezo do ouro. Grazas a un coñecido logra aloxarse nos sotos da empresa e pouco despois, ao conseguir amañar unha avaría no aparello transmisor, foi recompensado coa encarga do mantemento técnico de todos os servizos da compañía. Mais axiña aproveitou a primeira ocasión que se lle presentou para traballar pola súa conta e aceptou o desafío da Western Union, daquela a compañía telegráfica máis importante, de construír unha impresora efectiva da cotización de valores na bolsa. Naceu así o seu primeiro grande invento: o Edison Universal Stock Printer, polo que recibiu 40.000 dólares que lle permitiron asentarse. Entre 1870 e 1876 patentou arredor de 122 inventos.



Indicador eléctrico de cotizacións

En 1871 casou con Mary Stilwell. Aos seus dous primeiros fillos, dos tres que tería froito deste matrimonio –Marión, Thomas Alva y William–, inventoulles un par de sobrenomes tomados do código Morse: Dot e Dash, punto e guiñón no alfabeto morse. Neste tempo montou un pequeno taller en Newark (Nova York), no que seguiu a perfeccionar o telégrafo na busca de novas aplicacións. A súa maior contribución nese eido foi o sistema cuádruplo, que permitía transmitir catro mensaxes telegráficas de maneira simultánea por unha mesma liña.

Coa intención de dispor dunha verdadeira fábrica de inventos con laboratorio, biblioteca, talleres e vivendas para el e os seus colaboradores, trasladouse a lugar tranquilo a uns corenta quilómetros de Nova York, unha granxa deshabitada en Menlo Park onde construíu unha casa familiar de tres pisos que dispuña dunha corte, un muíño e un gran xardín. A partir de 1876 este será o seu cuartel xeral, o primeiro laboratorio de investigación do mundo, de onde saírían inventos que cambiarían os costumes de boa parte dos habitantes do planeta e onde revelaría achados como o fonógrafo, a luz eléctrica ou o tranvía eléctrico, que o levaron a ser coñecido como «O feiticeiro de Menlo Park».



A casa de Menlo Park

A busca dun transmisor telefónico satisfactorio reclamou a súa atención. O inventado por Alexander Graham Bell, aínda que teoricamente ben concibido, xeraba unha corrente tan feble que non servía para aplicacións xerais, así que Edison creou un dispositivo que amplificaba os sons e dotou o teléfono dun receptor e un transmisor que patentou en 1876, contribuíndo a transformalo no teléfono universal e manual que coñecemos.



Teléfono de Edison. 1879

Edison adoitaba convidar os seus amigos ao laboratorio para lles amosar as marabillas que inventaba. Unha noite, a Compañía Western Union ofreceu un concerto especial por teléfono. Os artistas estaban en Nova York e o auditorio en Filadelfia, a máis de cento corenta quilómetros de distancia. O laboratorio de Edison estaba conectado

por medio de cables con ambos os lugares, e os seus amigos asistiron ao concerto asombrados con aquel mago que conseguira que a música voase polo aire.

A seguir centrouse no fonógrafo, un aparato que reunía baixo un mesmo principio a gravación e a reprodución sonora; no alumado eléctrico e na lámpada de incandescencia, para a cal traballou con filamentos de distintas clases, até chegar ao de bambú carbonizado. A primeira das súas lámpadas estivo lista o 21 de outubro de 1879, e superou as corenta horas de funcionamento ininterrompido. A nova do invento fixo que caesen en picado as accións das compañías de alumado de gas.



Edison e o seu fonógrafo

Tras o fonógrafo, Edison foi o tema de moitas crónicas e caricaturas nos xornais, que o amosaban como un moderno Merlín, vestido cun manto negro e un bonete, coma se tratase de arrebatarlle ao ceo os segredos da natureza. Unha revista chegou a afirmar que Edison modificaría todas as leis da natureza: faría correr a auga cara ao alto dos

outeiros, detería a rotación da Terra ao redor do seu eixe e lograría que o Sol brillase de noite. Mais Edison prestaba pouca atención a toda esta publicidade. Estaba demasiado ocupado en perfeccionar os fallos da súa nova máquina, aínda que o público estaba impaciente por coñecer o instrumento que falaba e cantaba. Os membros do Congreso convidárono a facer unha demostración en Washington; e o mesmo presidente, Rutherford B. Hayes, pediulle que levase o fonógrafo á Casa Branca. Edison rexistrouno por fin o 19 de febreiro de 1898, e foi a primeira patente concedida polo rexistro da voz humana.

O inventor profetizou que sería un instrumento moi valioso porque conservaría as palabras dos seres queridos, os discursos dos grandes persoeiros ao morreren e se utilizaría como un libro para os cegos, para os incapacitados para ler e mesmo serviría para aprender idiomas. Consonte a máquina se perfeccionaba, multiplicábanse as invitacións para que efectuase demostracións en América, Europa, Asia e África.

Nos anos sucesivos, Edison concentrouse na electricidade. Logrou interesar nos seus plans de iluminar a cidade de Nova York ao banqueiro J. Pierpont Morgan. Este organizou a Compañía Eléctrica Edison con capital abondo para comezar as obras e coa promesa de investir máis cartos se se desenvolvían con normalidade. Co fin de estar o máis preto posible do seu novo centro de actividade, Edison mudouse a Nova York, onde mercou unha residencia de catro andares na Quinta Avenida, que converteu en edificio para oficinas. Pasaran doce anos desde a súa chegada a esta cidade, sen un peso e esfameado, e agora gozaba dunha fama que o recoñecía como o maior inventor do século. Ao cabo, o 4 de setembro de 1882, Edison, non sen certo receo, deu o sinal para que se acendese o alumeadado da cidade.



Lámpada eléctrica de Edison

Nos anos vindeiros, Edison seguiu a perfeccionar a lámpada eléctrica, actividade que derivou na invención dun contador cuxa patente rexistrou en 1886. Mais rara era que se limitase a un só invento. Afervorado por unha mente pletórica en ideas, mentres traballaba nas súas creacións, dirixía experimentos en diversos campos coa intención de descubrir novas aplicacións da electricidade ao servizo da humanidade. Creou plumas eléctricas, máquinas para escribir, un procedemento para a fabricación de vidro laminado, unha fórmula para conservar alimentos etc.

Edison esqueceu todos os éxitos obtidos cando en 1884 morreu a súa muller, vítima dunha febre tifoide. En 1886 Edison casou con Mina Miller, filla dun rico industrial de Akran (Ohio), cuxa influencia sobre o seu excéntrico marido se fixo notar, xa que conseguiu facer del unha persoa máis sociable. O matrimonio tivo tres fillos.

Ao ano de casar, Edison decidiu trasladar o seu laboratorio de Menlo Park, que lle quedara pequeno, a West Orange (Nova Jersey), onde creou un gran centro tecnolóxico, o Edison Laboratory (hoxe monumento nacional), onde instalou numerosos talleres con máis de cinco mil traballadores.

Tamén é coñecida a participación de Edison en invencións tan nefastas para a humanidade como a cadeira eléctrica. Un dos seus empregados, Harold P. Brown, foi o encargado de desenvolver o aparello. O invento enmarcouse, por unha banda, na busca dun sistema de execución máis “humano e eficaz” ca a forza, para o cal se creou un comité en 1886 no estado de Nova York; e, por outra, nunha batalla comercial. A feroz competencia económica e comercial desatada entre Thomas Edison e o tamén inventor e enxeñeiro George Westinghouse tiña como obxectivo acadar o monopolio da subministración eléctrica nos fogares das principais cidades dos Estados Unidos de América, pois ambos os empresarios sabían que ese negocio os convertería nos homes máis ricos do país. Edison defendía a implantación da corrente continua, e Westinghouse da alterna. A cadeira eléctrica de Brown e Edison funcionaba coa corrente alterna do seu competidor, coa pretensión de que o invento, ao asociar corrente alterna e cadeira eléctrica, faría que os consumidores non aceptasen nas súas casas a mesma electricidade usada para matar seres humanos, temerosos dos perigos que carrearía. Foi precisamente neses anos cando se creou o vocábulo electrocución. A maioría dos experimentos de Brown leváronse a cabo no laboratorio de Edison en 1888 e o éxito dos mesmos ocasionou que a cadeira eléctrica de corrente alterna fose adoptada en 1889.

O seu último grande invento foi o Kinetograph, cuxa patente rexistrou en 1891, unha rudimentaria cámara de cine que incluía un enxeñoso mecanismo para asegurar o movemento intermitente da película. Tras investir moito tempo e efectuar gran cantidade de probas, chegou a descubrir o material adecuado para os filmes: o celuloide.



Cinetoscopio

En 1894 abriu o Kinetoscope Parlor en Broadway, onde un só espectador sentaba fronte a unha mira nunha cabina de madeira para ver a película. Malia que o Kinetoscope Parlor axiña espertou a atención como atracción de feira, Edison nunca creu que fose importante atopar un sistema de proxección para grandes auditorios, pois explicaba que el era un mecánico, non un exhibidor. Vendeu a patente a unha compañía que medraría até se converter nunha das máis prósperas empresas comerciais do mundo, coa advertencia aos propietarios de que debían usala a prol da humanidade.

Durante a Primeira Guerra Mundial Edison inventou, entre outros mecanismos, sistemas de camuflaxe para os barcos, un aparello grazas ao cal podían escoitar o ruído dun torpedo a máis de tres quilómetros de distancia e un método para cambiar deseguida a derrota dun barco, de maneira que o torpedo non dese no albo. Ademais, ideou dispositivos para localizar canóns agochados, máscaras de gas, detectores de avións inimigos ou sistemas de comunicación telegráfica en código Morse entre embarcacións. Algúns dos seus inventos son segredos militares. A súa contribución á defensa nacional dos Estados Unidos de América foi recoñecida coa Medalla do Servizo Distinguido. Edison sentiuse feliz con tal galardón, mais a súa felicidade foi completa cando rematou a guerra, se liberou

do seu labor militar e tornou ao seu quefacer pacífico. Tiña xa setenta e dous anos e un dos seus amigos aconselloulle descansar. Aínda así traballou en novos proxectos, como a batería de acumuladores, a trituración de montañas para convertelas en metal e a fabricación de cemento para construír edificios.

Edison pasou os últimos anos da súa vida rodeado de honores. O presidente Calvin Coolidge outorgoulle a Medalla de Ouro do Congreso; nunha expedición ao Polo Sur erixiuse un faro que levaba o seu nome; o Departamento de Correos emitiu un selo cunha representación da primeira lámpada eléctrica; e Henry Ford construíu en Dearborn, Michigan, unha réplica do seu primitivo laboratorio de Menlo Park, ao que se lle deu carácter de monumento recordatorio da obra de Edison nunha cerimonia celebrada o 21 de outubro de 1929, quincuaxésimo aniversario da luz eléctrica.

A actividade de Edison prolongouse até pasados os oitenta anos, chegando a rexistrar en vida 1.093 patentes. O seu falecemento tivo lugar o 18 de outubro de 1931, en West Orange.

BIBLIOGRAFÍA

Abraham, Carlos Enrique, “Visiones futuras en el fin de siglo: La sensibilidad decadente y la dialéctica progreso/decadencia en la ciencia ficción de finales del siglo XIX”.

En liña: <http://axxon.com.ar/rev/125/c-125Articulo.htm>

Baker, Phil (2003), *The Book of Absinthe: A Cultural History*, Grove Press.

Castex, Pierre-Georges (1987) *Le conte fantastique en France: de Nodier à Maupassant*, París: José Corti.

Deffoux, Léon (1929), “Villiers de L’Isle-Adam. Notes a propos du quarantième anniversaire de sa mort”, en *Mercure de France*, 15 de agosto, pp. 92-103.

Drougard, Emile (1958), "Les Etudes de Villiers de l’Isle-Adam", en *Annales de Bretagne*, tomo 65, nº2, pp. 237-270.

En liña: http://www.persee.fr/web/revues/home/prescript/article/abpo_0003-391x_1958_num_65_2_2056

Du Pontavice de Heussey, Robert (1893), *Villiers de L’Isle-Adam: l’écrivain, l’homme*, París: Albert Savine Éditeur.

Raitt, Alan (2010), “Préface” en *L’Ève future*, Gallimard, col. Folio classique.

Souza, Davi de (2011), “Villiers de L’Isle-Adam: tradução e exorcismo ou a propósito das palavras pesadas em balanças de teias de aranha e do fantástico em *Claire Lenoir*”, tese de doutoramento presentada na Universidade Federal de Santa Catarina, Florianópolis.

